

1. O artigo 19 e as disposicións adicionais terceira, cuarta, quinta, sétima e oitava, que serán unicamente de aplicación á Administración xeral do Estado e aos seus organismos públicos.

2. O artigo 15 e as disposicións adicionais primeira e segunda, que se ditan ao abeiro do artigo 149.1.14.^a da Constitución.

3. As disposicións dos artigos 20 a 23, que no relativo a recursos en vía administrativa se ditan ao abeiro do artigo 149.1.18.^a da Constitución e no relativo a recursos en vía contencioso-administrativa ao abeiro do artigo 149.1.6.^a da Constitución.

Disposición derradeira cuarta. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Por medio desta lei desenvólvense determinados dereitos e obrigas recoñecidos no convenio sobre acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de ambiente, feito en Aarhus, Dinamarca, o 25 de xuño de 1998; e adáptase o ordenamento xurídico vixente ás disposicións contidas na Directiva 2003/4/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2003, relativa ao acceso do público á información ambiental e na Directiva 2003/35/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio de 2003, pola que se establecen medidas para a participación do público na elaboración de determinados plans e programas relacionados co ambiente e pola que se modifican, no que se refire á participación do público e o acceso á xustiza, as directivas 85/337/CEE e 96/61/CE do Consello.

Disposición derradeira quinta. *Texto refundido de avaliación de impacto ambiental.*

O Goberno elaborará e aprobará no prazo dun ano a partir da entrada en vigor desta lei un texto refundido en que se regularicen, aclaren e harmonicen as disposicións legais vixentes en materia de avaliación de impacto ambiental.

Disposición derradeira sexta. *Desenvolvemento regulamentario do artigo 16 no ámbito da Administración xeral do Estado.*

O Goberno, no prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, aprobará un regulamento que desenvolva os contidos regulados no artigo 16, relativos á participación do público nos procedementos de elaboración de normas que versen sobre as materias a que se refire o artigo 18 e que sexan competencia da Administración xeral do Estado.

Disposición derradeira sétima. *Autorización de desenvolvemento.*

O Goberno, no ámbito das súas competencias, ditará cantas disposicións sexan necesarias para a execución e desenvolvemento do establecido nesta lei.

Disposición derradeira oitava. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», agás o título IV e a disposición adicional primeira que entrarán en vigor tres meses despois da devandita publicación.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 18 de xullo de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

ANEXO

Organizacións non gobernamentais que integran o Consello Asesor de Medio Ambiente

Amigos de la Tierra.
Ecologistas en Acción.
Greenpeace España.
Sociedad Española de Ornitología SEO/Birdlife.
WWF/Asociación de Defensa de la Naturaleza (ADENA).

13011 LEI 28/2006, do 18 de xullo, de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos. («BOE» 171, do 19-7-2006.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I. Necesidade e oportunidade das axencias estatais

Satisfacer as necesidades e as demandas cidadás co nivel de calidade que nestes momentos a sociedade exige é un compromiso dos poderes públicos e, por iso, a adecuada e eficaz prestación daqueles servizos públicos cuxa xestión corresponde á Administración xeral do Estado, require un novo enfoque organizativo e funcional dos organismos públicos que teñen encomendados estes servizos.

O obxectivo xeral deste novo marco de actuación é que os cidadáns poidan visualizar de maneira clara cales son os fins dos distintos organismos públicos e os resultados da xestión que se lles encargou a cada un deles, así como a forma en que se responsabilizan os seus xestores polo cumprimento dos obxectivos que previamente foron fixados de forma concreta e avaliable.

A Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado supuxo unha simplificación da normativa da Administración xeral do Estado e tamén dos seus organismos públicos, dotando estes dunha regulación que constitúe o seu réxime básico. Non obstante, as rixideces que presentan os actuais modelos de xestión e a escasa autonomía con que contan os organismos públicos, sobre todo na súa configuración de organismos autónomos, dificultan en gran medida a consecución dos obxectivos antes indicados.

Por iso, nos últimos anos, se buscaron solucións estruturais para intentar solucionar problemas de xestión, fundamentalmente de natureza orzamentaria, económico-financeira e de xestión de persoal, dando lugar, en moitos casos, a respostas organizativas forzadas desde a perspectiva dos obxectivos e funcións do organismo de que se trate, pero que supoñen o establecemento dun réxime de funcionamento máis flexible e superador das

rixideces que o réxime xeral presenta respecto das materias indicadas. Isto deu lugar a unha proliferación de entes que presentan un réxime xurídico singular, basicamente do dereito privado e á marxe das configuracións xerais dos organismos públicos.

Abonde con indicar, como comprobación destas consideracións, que dun total de 138 organismos públicos que existen na actualidade, 47 presentan a peculiaridade de dispor cada un do seu propio réxime regulador, cifra considerable se se ten en conta que, inicialmente, esta categoría naceu como complementaria das categorías xerais –de organismo autónomo e de entidade pública empresarial– para regular unha serie limitada de entes que, polas súas peculiaridades e polo maior grao de independencia que presentan respecto da Administración xeral do Estado, non encaixaban nas configuracións xerais.

Faise, pois, necesario incorporar á Administración xeral do Estado unha fórmula organizativa xeral, dotada dun maior nivel de autonomía e de flexibilidade na xestión, pero que, ao mesmo tempo, reforce os mecanismos de control de eficacia e promova unha cultura de responsabilización por resultados.

A dita fórmula constitúena as axencias estatais e a súa regulación, obxecto desta lei, permitirá implantar un modelo de xestión que equilibre adecuadamente os principios de autonomía, control e responsabilización por resultados, así como establecer un réxime xeral o suficientemente operativo para lles dar cabida a aqueles organismos para os cales a categoría de organismo autónomo é insuficiente, sen ter que acudir, como sucede na actualidade, a solucións particulares para cada caso.

En efecto, un aspecto capital que se incorpora á xestión de servizos públicos a través das axencias estatais é o afondamento nunha nova cultura de xestión que se ten que apoiar no cumprimento de obxectivos claros, medibles e orientados cara á mellora na prestación do servizo, coas conseguíntes vantaxes para os usuarios e para os contribuíntes.

Unha destas vantaxes é o fortalecemento dos mecanismos da responsabilización por obxectivos na xestión pública: trátase de configurar a axencia estatal como unha organización dotada dunha capacidade de decisión sobre os recursos asignados e dun nivel de autonomía no seu funcionamento que son as premisas necesarias para que se lle poida exixir unha responsabilidade efectiva sobre o cumprimento dos obxectivos que ten encomendados. En consecuencia, é esencial que a creación dunha axencia comporte a prestación de servizos con alto nivel de calidade, cunha cultura de xestión acorde coa dita finalidade e que sexa facilmente visible para os cidadáns.

Como correlato do anterior, o fortalecemento dun modelo como o indicado ten que repercutir positivamente sobre os modos de funcionamento da Administración xeral do Estado, xa que esta ten que fixar os obxectivos e establecer un marco de avaliación e de control, mediante os oportunos indicadores que, sen interferir na xestión das axencias, aseguren o seu correcto funcionamento, o que, indirectamente, vai supoñer, sen dúbida, unha substancial mellora no exercicio das funcións de planificación, avaliación e control que ten que desenvolver a Administración.

Outro aspecto salientable na lei é impulsar aqueles instrumentos que posibiliten coñecer e avaliar o impacto que as políticas e servizos prestados polo Estado teñen sobre o cidadán. Para tal efecto, na disposición adicional primeira autorízase o Goberno para que cree unha axencia destinada especificamente ao cumprimento destes obxectivos.

Por último, hai que sinalar que as axencias estatais non van ser, sen máis, un novo tipo de organismo público, senón a fórmula organizativa cara á cal, progresivamente, se van reconducir aqueles organismos públicos existentes na actualidade, cuxa actividade e funcións se axusten ao concepto de axencia estatal e se considere oportuno e

máis eficaz a súa transformación neste tipo de organismo público.

Así mesmo, tras a entrada en vigor desta lei, a axencia estatal será o tipo de organismo público que, con carácter xeral, cree a Administración xeral do Estado, para lles dar resposta ás súas necesidades de descentralización funcional, aínda que, excepcionalmente, subsistirán os restantes tipos de organismos públicos.

II. *Estrutura e contido da lei*

A lei estrutúrase en cinco capítulos, oito disposicións adicionais e dúas disposicións derradeiras.

O capítulo I establece o obxecto da lei, a natureza e o réxime xurídico aplicable ás axencias estatais e os seus mecanismos de creación, constitución, modificación e extinción e supresión. Dentro deste capítulo cómpre destacar o proceso de creación das axencias estatais, requiríndose unha autorización previa por lei, que determine o obxecto da axencia que se pretenda crear, e producíndose mediante real decreto do Consello de Ministros.

O capítulo II trata sobre os aspectos relacionados coa organización das axencias estatais, destacando que a lei regula os máximos órganos de goberno –consello reitor e presidente–, e executivos –director– deixando os restantes ao estatuto, e que se resalta a importancia que se lles quiere dar aos mecanismos de control que se teñan que implementar nas axencias estatais, coa institucionalización dunha comisión de control como órgano especializado do consello reitor para asegurar o correcto desenvolvemento das funcións da axencia e a consecución dos obxectivos que teña asignados.

O capítulo III, relativo á xestión transparente por obxectivos, regula o contrato de xestión, instrumento clave na configuración das axencias estatais, pois vai ser o instrumento que permitirá fixar os compromisos que asume a axencia na consecución dos seus obxectivos, e os plans estratéxicos necesarios para iso, os niveis de calidade dos servizos prestados, os medios humanos, materiais e financeiros que a axencia precisa e os efectos asociados ao grao de cumprimento dos obxectivos establecidos e a conseguinte exixencia de responsabilidade ao equipo directivo da axencia.

O capítulo IV, correspondente a funcionamento e medios, componse de tres seccións referidas, respectivamente, a contratación e patrimonio, a réxime de persoal e a medios económico-financeiros.

En materia de persoal cómpre destacar o mantemento do modelo xeral de función pública –evitándose así as transformacións forzadas ao réxime de persoal laboral que foron frecuentes en recentes procesos de configuración de organismos públicos– pero con maiores niveis de autonomía na ordenación e provisión dos postos de traballo, a vinculación da parte variable das retribucións á produtividade e ao cumprimento de obxectivos e, por último, a inclusión da categoría de persoal directivo das axencias estatais que se proverá mediante procesos internos de selección. En canto aos procedementos de selección e de provisión de postos de traballo, a lei, ademais de garantir a súa transparencia e a aplicación dos principios de igualdade, mérito e capacidade, recolle previsións expresas que garanten o acceso ao emprego público das persoas con discapacidade, de acordo coas condicións que, ao respecto, están establecidas no Real decreto 227/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.

En canto aos medios económico-financeiros, a lei prevé unha maior capacidade de xerar ingresos por parte das axencias estatais, ben pola prestación dos seus servizos ben mediante a posibilidade de obter ingresos por patrocinio.

O capítulo V está dedicado aos aspectos da xestión económico-financeira e estrutúrase en tres seccións, correspondentes a orzamentos, contabilidade e control.

O orzamento das axencias estatais terá carácter limitativo polo seu importe global e estimativo para a distribución interna dos seus créditos, excepto os correspondentes a gastos de persoal, establecéndose un mecanismo de variacións orzamentarias que se distribúe entre o ministro de Economía e Facenda –as variacións da contía global e as que afecten gastos de persoal– e o director da axencia os restantes.

As axencias estatais estarán suxeitas aos principios e ao réxime de contabilidade establecidos para os entes públicos e, en materia de control, o control externo da súa xestión económico-financeira correspóndelle ao Tribunal de Contas e o interno á Intervención Xeral do Estado, quen o exercerá na modalidade de control financeiro permanente e auditoría pública.

Por último, as disposicións adicionais e derradeiras prevén, respectivamente, a autorización para a creación das distintas axencias estatais que se mencionan nesta lei; o asesoramento xurídico e a representación e defensa en xuízo das axencias estatais polos avogados do Estado; a autorización para a transformación dos actuais organismos públicos en axencias estatais e as excepcións á dita transformación; a creación de novos organismos públicos, a autorización para modificar órganos colexiados regulados en lei e, finalmente, a modificación da Lei de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado e a entrada en vigor desta lei.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta lei establece o réxime xurídico, a natureza, a constitución e o funcionamento das axencias estatais que, de acordo coa lei de autorización, cree o Goberno para a xestión dos programas correspondentes a políticas públicas da competencia do Estado nos termos establecidos no artigo 2.

Artigo 2. *Natureza e réxime xurídico.*

1. As axencias estatais son entidades de dereito público, dotadas de personalidade xurídica pública, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, facultadas para exercer potestades administrativas, que son creadas polo Goberno para o cumprimento dos programas correspondentes ás políticas públicas que desenvolva a Administración xeral do Estado no ámbito das súas competencias.

As axencias estatais están dotadas dos mecanismos de autonomía funcional, responsabilidade pola xestión e control de resultados establecidos nesta lei.

2. As axencias estatais réxense por esta lei e, no seu marco, polo estatuto propio de cada unha delas; supletoriamente polas normas aplicables ás entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Administración xeral do Estado que lles correspondan en cada caso.

3. As resolucións do consello reitor e do director da axencia poñen fin á vía administrativa.

Artigo 3. *Creación.*

1. A creación de axencias estatais require autorización por lei e prodúcese coa aprobación do seu estatuto por real decreto acordado en Consello de Ministros e adoptado por proposta conxunta dos ministerios de Administracións Públicas e Economía e Facenda.

2. A lei que autorice a creación establecerá o obxecto da axencia estatal e os seus fins xerais.

O anteproxecto de lei de autorización da creación da axencia estatal que se presente ao Goberno deberá ser acompañado do proxecto de estatuto e da memoria.

Así mesmo, para efectos do previsto no punto 4 do artigo 22 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, o proxecto de estatuto e a memoria teñen a consideración de antecedentes necesarios do proxecto de lei de autorización da creación da axencia estatal.

3. A iniciativa de creación das axencias estatais correspóndelles aos ministerios competentes ou afectados por razón da materia, os cales deberán elaborar unha memoria e un proxecto de estatuto.

4. A dita memoria deberá precisar o obxecto da axencia estatal que se vai crear, xustificando a previa determinación daquel pola lei, e os obxectivos perseguidos coa súa creación. Indicaranse, así mesmo, as consecuencias organizativas e económico-financeiras derivadas da creación das axencias, así como información sobre o rango orgánico dos seus órganos directivos, de ser o caso; os recursos humanos necesarios, as retribucións do persoal e a proposta do marco de actuación en materia de recursos humanos.

A memoria conterá o plan inicial de actuación da axencia mentres non se aprobe o contrato de xestión previsto no artigo 13.

5. O estatuto deberá ter, en todo caso, o seguinte contido:

a) As funcións que desenvolverá a axencia estatal e, de ser o caso, as facultades decisorias correspondentes ás competencias da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos que se atribúan á dita axencia.

b) A determinación da sede, estrutura orgánica, coa concreción, de ser o caso, dos outros órganos de goberno que se creen, así como as facultades de cada un deles e a forma de designación dos seus compoñentes, réxime de funcionamento e desenvolvemento da actividade, con indicación daqueles cuxos actos e resolucións son definitivos en vía administrativa.

c) Os medios persoais, materiais e económico-financeiros e patrimonio que se lle adscriben.

d) A determinación do carácter temporal, de ser o caso, da axencia que se cree, con especificación dos obxectivos a que se vincula a vida daquela ou do prazo en que se fixa a súa duración.

6. Os estatutos poderán prever a participación doutras administracións públicas no consello reitor das axencias, nos termos e condicións que se determinen neles.

7. Formulada unha iniciativa conforme o disposto nos puntos anteriores, esta será remitida aos ministerios de Administracións Públicas e de Economía e Facenda, que, tras a aprobación da memoria xunto cos ministerios de iniciativa, procederán á tramitación do real decreto aprobatorio do estatuto da axencia, previsto no número 1 deste artigo.

Na determinación das condicións de traballo dos empregados públicos da axencia, incluíndo os aspectos relativos á organización, estrutura e marco de actuación en materia de recursos humanos e retribucións, participarán os representantes do persoal ou as organizacións sindicais, nos termos previstos na Lei 9/1987, do 12 de xuño, de órganos de representación.

Artigo 4. *Constitución e posta en funcionamento.*

A constitución e posta en funcionamento das axencias estatais terá lugar nos termos que dispoña o estatuto de cada unha delas.

Artigo 5. *Modificación do estatuto.*

A modificación do estatuto das axencias estatais realízase por iniciativa dos ministerios de adscrición, ou da propia axencia, a través destes, e apróbase por real decreto acordado en Consello de Ministros e adoptado por proposta conxunta dos ministerios de Administracións Públicas e de Economía e Facenda.

Artigo 6. *Extinción e supresión.*

1. As axencias estatais extínguense polo transcurso do tempo de vixencia establecido no estatuto ou polo cumprimento dos seus fins ou dos obxectivos para os cales foron creadas, ou porque as súas competencias sexan asumidas polas comunidades autónomas.

2. As axencias estatais suprimense mediante real decreto do Consello de Ministros, por iniciativa dos ministerios de adscrición e por proposta conxunta dos ministerios de Administracións Públicas e de Economía e Facenda, que determinará o destino dos bens e as medidas aplicables ao persoal no marco da lexislación reguladora de cada tipo de persoal.

3. Desde a súa extinción ou supresión, as axencias estatais entran en período de liquidación na forma que se determine na Lei de patrimonio das administracións públicas e no estatuto.

CAPÍTULO II

Organización

Artigo 7. *Estrutura e adscrición.*

1. As axencias estatais estrutúranse nos órganos de goberno, executivos e de control previstos nesta lei, e nos complementarios que se determinen no seu respectivo estatuto.

A designación dos seus titulares e membros axustárase ao criterio de paridade entre home e muller.

2. As axencias estatais adscribíense aos ministerios que exercen a iniciativa da súa creación, nos termos que se determinen nos reais decretos de creación.

Artigo 8. *Órganos de goberno.*

Os máximos órganos de goberno das axencias estatais son o seu presidente e o consello reitor. O estatuto pode, non obstante, prever outros órganos de goberno con atribucións distintas e, en todo caso, subordinadas ás do consello reitor.

Artigo 9. *O presidente.*

O presidente da axencia, que o é do seu consello reitor, é nomeado e separado polo Consello de Ministros, por proposta do ministro de adscrición. As súas competencias, ademais das que lle correspondan como presidente dun órgano colexiado, determinaranse, de ser o caso, no estatuto da axencia.

Artigo 10. *O consello reitor.*

1. O estatuto das axencias estatais determina a composición e o réxime aplicable aos membros do consello reitor, respectando en todo caso as seguintes regras:

a) Os membros do consello reitor son nomeados polo ministro de adscrición, que designará directamente un máximo da metade dos seus compoñentes.

b) O director é membro nato do consello reitor.

c) Nas axencias estatais con obxecto interministerial, cada un dos ministerios responsables últimos das funcións encomendadas a aquela debe contar con polo menos un representante no consello reitor.

d) Nas axencias estatais con participación das administracións autonómicas os seus representantes serán designados directamente polas comunidades autónomas.

e) O secretario será designado polo consello reitor.

f) Os representantes dos traballadores serán designados por parte das organizacións sindicais máis representativas, sempre que os medios persoais, a estrutura organizativa, o réxime de funcionamento e os cometidos o permitan.

2. Son atribucións mínimas do consello reitor:

a) A proposta do contrato de xestión da axencia.

b) A aprobación dos obxectivos e plans de acción anuais e plurianuais, así como dos criterios cuantitativos e cualitativos de medición do cumprimento dos ditos obxectivos e do grao de eficiencia na xestión, no marco do establecido no contrato de xestión.

c) A aprobación do anteproxecto dos orzamentos anuais e da contracción de calquera obriga de carácter plurianual dentro dos límites fixados no contrato de xestión.

d) O control da xestión do director e a exixencia a este das responsabilidades que procedan.

e) O seguimento, a supervisión e o control superiores da actuación da axencia estatal.

f) A aprobación dun informe xeral de actividade e de cantos extraordinarios considere necesarios sobre a xestión, valorando os resultados obtidos e consignando as deficiencias observadas.

g) A aprobación das contas anuais e, de ser o caso, a distribución do resultado do exercicio, de acordo coa lexislación orzamentaria.

h) A determinación dos criterios de selección.

3. O funcionamento e réxime aplicable ao consello reitor axústase ao establecido nesta lei e, no non disposto nela, ao réxime previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común para os órganos colexiados.

Artigo 11. *Órganos executivos.*

1. O órgano executivo da axencia é o director. É nomeado e separado polo consello reitor por proposta do presidente entre persoas que reúnan as cualificacións necesarias para o cargo, segundo se determine no estatuto.

2. O director é o responsable da dirección e xestión ordinaria da axencia, exercendo as competencias inherentes á dita dirección, así como as que expresamente se lle atribúen nesta lei e no estatuto da axencia, e as que lle delegue o consello reitor.

3. Os estatutos poderán determinar, en función das características propias de cada axencia, a asunción por parte do presidente das funcións atribuídas ao director nesta lei.

Artigo 12. *Comisión de control.*

No seo do consello reitor constituirase unha comisión de control, coa composición que se determine nos estatutos.

Correspóndelle á comisión de control informar o consello reitor sobre a execución do contrato de xestión e, en xeral, sobre todos aqueles aspectos relativos á xestión

económico-financeira que deba coñecer o propio consello e que se determinen nos estatutos.

CAPÍTULO III

Xestión transparente por obxectivos

Artigo 13. *Contrato de xestión.*

1. A actuación das axencias estatais prodúcese, conxuntamente o plan de acción anual, baixo a vixencia e conforme o pertinente contrato plurianual de xestión.

2. O contrato de xestión ten que establecer, como mínimo e para o período da súa vixencia, os seguintes extremos:

a) Os obxectivos que hai que perseguir, os resultados que hai que obter e, en xeral, a xestión que hai que desenvolver.

b) Os plans necesarios para alcanzar os obxectivos, con especificación dos marcos temporais correspondentes e dos proxectos asociados a cada unha das estratexias e os seus prazos temporais, así como os indicadores para avaliar os resultados obtidos.

c) As previsións máximas de cadro de persoal e o marco de actuación en materia de xestión de recursos humanos.

d) Os recursos persoais, materiais e orzamentarios que se empregarán para a consecución dos obxectivos.

e) Os efectos asociados ao grao de cumprimento dos obxectivos establecidos polo que atinxe á exigencia de responsabilidade pola xestión dos órganos executivos e do persoal directivo, así como a contía de masa salarial destinada ao complemento de produtividade ou concepto equivalente do persoal laboral.

f) O procedemento que se seguirá para a cobertura dos déficits anuais que, de ser o caso, se puidesen producir por insuficiencia dos ingresos reais respecto dos estimados e as consecuencias de responsabilidade na xestión que, de ser o caso, se deba seguir de tales déficits.

g) O procedemento para a introdución das modificacións ou adaptacións anuais que, de ser o caso, procedan.

3. No contrato de xestión determinaranse os mecanismos que permitan a exigencia de responsabilidades a que se refire a alínea e) do punto anterior por incumprimento de obxectivos.

Artigo 14. *Elaboración e aprobación do contrato de xestión.*

1. O consello reitor de cada axencia aproba a proposta de contrato inicial de xestión, no prazo de tres meses desde a súa constitución.

Os posteriores contratos de xestión presentaranse no último trimestre da vixencia do anterior.

2. A aprobación do contrato de xestión ten lugar por orde conxunta dos ministerios de adscrición, de Administracións Públicas e de Economía e Facenda, nun prazo máximo de tres meses contado desde a súa presentación. No caso de non ser aprobado neste prazo, manterá a súa vixencia o contrato de xestión anterior.

Artigo 15. *O plan de acción, o informe de actividade e as contas anuais.*

1. O consello reitor da axencia estatal, por proposta do seu director, aproba:

a) O plan de acción do ano en curso, sobre a base dos recursos dispoñibles e antes do día 1 de febreiro de cada ano.

b) O informe xeral de actividade correspondente ao ano inmediatamente anterior, con anterioridade ao 30 de xuño do ano en curso.

c) As contas anuais acompañadas do informe de auditoría de contas, con anterioridade ao 30 de xuño do ano en curso.

2. Os documentos a que se refire o punto anterior son públicos, tendo os cidadáns acceso ao seu contido desde a súa aprobación.

Nos estatutos das axencias estatais incorporaranse os mecanismos precisos para garantir o dito acceso.

3. As axencias estatais, a través do presidente do seu consello reitor, informarán os departamentos citados no artigo 14.2 acerca da execución e cumprimento dos obxectivos fixados no contrato de xestión.

CAPÍTULO IV

Funcionamento e medios

SECCIÓN 1.^a CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

Artigo 16. *Contratación.*

1. A contratación das axencias estatais réxese pola normativa aplicable ao sector público.

2. As sociedades mercantís e fundacións creadas ou participadas maioritariamente polas axencias estatais deberán axustar a súa actividade contractual, en todo caso, aos principios de publicidade e concorrencia.

Artigo 17. *Patrimonio.*

1. As axencias estatais terán, para o cumprimento dos seus fins, un patrimonio propio, distinto do da Administración xeral do Estado, integrado polo conxunto de bens e dereitos de que sexan titulares.

2. A xestión e administración dos bens e dereitos propios, así como daqueles do patrimonio do Estado que se lles adscriban para o cumprimento dos seus fins, será exercida de acordo co sinalado nos seus estatutos, con suxeición, en todo caso, ao establecido para os organismos públicos na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

3. Os estatutos das axencias estatais poderán prever que os bens inmoebles propios destas que deixen de ser necesarios para o cumprimento dos seus fins poidan ser alleados por elas, logo de comunicación ao Ministerio de Economía e Facenda.

SECCIÓN 2.^a PERSOAL

Artigo 18. *Persoal das axencias estatais.*

1. Sen prexuízo do persoal directivo previsto no artigo 23, o persoal ao servizo das axencias estatais está constituído:

a) Polo persoal que estea ocupando postos de traballo en servizos que se integren na axencia estatal no momento da súa constitución.

b) Polo persoal que se incorpore á axencia estatal desde calquera Administración pública polos correspondentes procedementos de provisión de postos de traballo previstos nesta lei.

c) Polo persoal seleccionado pola axencia estatal, mediante probas selectivas convocadas para o efecto nos termos establecidos nesta lei.

2. O persoal a que se refiren as letras a) e b) do punto anterior mantén a condición de persoal funcionario, esta-

tutario ou laboral de orixe, de acordo coa lexislación aplicable.

3. O persoal funcionario e estatutario réxese pola normativa reguladora da función pública correspondente, coas especialidades previstas nesta lei e as que, conforme ela, se establezan no estatuto de cada axencia.

O persoal laboral réxese polo texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado por Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, e o resto da normativa laboral.

Artigo 19. *Procedementos de selección.*

1. A selección do persoal a que se refire o artigo 18.1.c) realízase mediante convocatoria pública e de acordo cos principios de igualdade, mérito e capacidade, así como de acceso ao emprego público das persoas con discapacidade. Para tal efecto, e no período previsto no contrato de xestión a que se refire o artigo 13 desta lei, as axencias estatais determinan as súas necesidades de persoal que cubrirán mediante probas selectivas. Aprobado o contrato de xestión, a previsión de necesidades de persoal incorpórase á oferta anual de emprego da correspondente axencia estatal, que se integra na oferta de emprego público estatal, de conformidade co que estableza a lei anual de orzamentos xerais do Estado.

2. As axencias estatais seleccionan, a través dos seus propios órganos de selección, o seu persoal laboral de acordo cos requisitos e principios establecidos no punto anterior.

As convocatorias de selección de persoal funcionario efectuaráas o ministerio ao cal se encontren adscritos os corpos ou escalas correspondentes e, excepcionalmente, a propia axencia mediante convenio suscrito para o efecto.

3. Malia o disposto no punto anterior, a selección de persoal directivo realízase conforme o previsto no artigo 23 desta lei.

4. Os órganos de representación do persoal da axencia serán tidos en conta nos procesos de selección que se leven a cabo.

Artigo 20. *Procedementos de provisión de postos de traballo e mobilidade do persoal funcionario.*

1. As axencias estatais elaboran, convocan e, por proposta de órganos especializados en selección de persoal, resolven as correspondentes convocatorias de provisión de postos de traballo de persoal funcionario, de conformidade cos principios xerais e procedementos de provisión establecidos na normativa de función pública.

2. A mobilidade dos funcionarios destinados nas axencias estatais poderán estar sometida á condición de autorización previa nas condicións e cos prazos que se determinen nos seus estatutos e de acordo coa normativa de función pública.

Artigo 21. *Ordenación de postos de traballo.*

1. As axencias estatais dispoñen da súa relación de postos de traballo, elaborada e aprobada pola propia axencia dentro do marco de actuación que, en materia de recursos humanos, se estableza no contrato de xestión.

2. O persoal que preste os seus servizos nas axencias estatais verá recoñecido o seu dereito á promoción dentro dunha carreira profesional avaliable, no marco do Estatuto do empregado público. A dita carreira terá elementos que permitan criterios de homoxeneidade dentro de axencias do mesmo ámbito, facilitando similares retribucións para niveis profesionais semellantes e posibilitando as medidas de mobilidade entre o persoal daquelas, sen prexuízo do previsto no artigo 20.2.

Artigo 22. *Réxime retributivo.*

1. Os conceptos retributivos do persoal funcionario e estatutario das axencias estatais son os establecidos na normativa de función pública da Administración xeral do Estado e as súas contías determinaranse no marco do correspondente contrato de xestión, de conformidade co establecido na dita normativa e nas leis de orzamentos xerais do Estado.

2. As condicións retributivas do persoal laboral son as determinadas no convenio colectivo de aplicación e no respectivo contrato de traballo e as súas contías fixaranse de acordo co indicado no punto 1 anterior.

3. A contía da masa salarial destinada ao complemento de produtividade, ou concepto equivalente do persoal laboral, está en todo caso vinculada ao grao de cumprimento dos obxectivos fixados no contrato de xestión.

Artigo 23. *Persoal directivo.*

1. O persoal directivo das axencias estatais é o que ocupa os postos de traballo determinados como tales no seu estatuto en atención á especial responsabilidade, competencia técnica e relevancia das tarefas a eles asignadas.

2. O persoal directivo das axencias estatais é nomeado e destituído polo seu consello reitor por proposta dos seus órganos executivos, atendendo a criterios de competencia profesional e experiencia entre titulados superiores preferentemente funcionarios, e mediante procedemento que garanta o mérito, a capacidade e a publicidade.

O proceso de provisión poderán ser realizado polos órganos de selección especializados a que se refire o punto 1 do artigo 20, que formularán proposta motivada ao director da axencia estatal, incluíndo tres candidatos para cada posto que se vaia cubrir.

Cando o persoal directivo das axencias teña a condición de funcionario permanecerá na situación de servizo activo no seu respectivo corpo ou escala ou na que corresponda conforme a lexislación laboral se se trata de persoal deste carácter.

3. O estatuto das axencias estatais pode prever postos directivos de máxima responsabilidade que se cubrirán, en réxime laboral, mediante contratos de alta dirección.

4. O persoal directivo está suxeito, no desenvolvemento dos seus cometidos, a avaliación conforme os criterios de eficacia, eficiencia e cumprimento da legalidade, responsabilidade pola súa xestión e control de resultados en relación cos obxectivos que lle fosen fixados.

5. O persoal directivo percibe unha parte da súa retribución como incentivo de rendemento, mediante o complemento correspondente que valore a produtividade, de acordo cos criterios e porcentaxes que estableza o consello reitor, por proposta dos órganos directivos da axencia estatal.

SECCIÓN 3.^a MEDIOS ECONÓMICO-FINANCIEROS

Artigo 24. *Recursos económicos.*

1. As axencias estatais fináncianse cos seguintes recursos:

a) As transferencias consignadas nos orzamentos xerais do Estado.

b) Os ingresos propios que perciba como contraprestación polas actividades que poida realizar, en virtude de contratos, convenios ou disposición legal, para outras entidades públicas, privadas ou persoas físicas.

c) O alleamento dos bens e valores que constitúan o seu patrimonio.

d) O rendemento procedente dos seus bens e valores.

e) As achegas voluntarias, doazóns, herdanzas e legados e outras achegas a título gratuito de entidades privadas e de particulares.

f) Os ingresos recibidos de persoas físicas ou xurídicas como consecuencia do patrocinio de actividades ou instalacións.

g) Os demais ingresos de dereito público ou privado que estean autorizadas a percibir.

h) Calquera outro recurso que lles puidese ser atribuído.

2. Naqueles supostos expresamente previstos nos estatutos, e só na medida en que teñan capacidade para xerar recursos propios suficientes, as axencias poderanse financiar con cargo aos créditos previstos no capítulo VIII dos orzamentos xerais do Estado adxudicados de acordo con procedementos de pública concorrência e destinados a financiar proxectos de investigación e desenvolvemento. A Lei de orzamentos xerais do Estado de cada exercicio establecerá os límites deste financiamento.

3. Os recursos que deriven das alíneas b), e), f) e g) do número 1 anterior, e non se recollan inicialmente no orzamento das axencias estatais poderanse destinar a financiar maiores gastos por acordo do seu director.

Artigo 25. *Endebedamento.*

1. O recurso ao endebedamento está prohibido ás axencias estatais, salvo que por lei se dispoña o contrario.

2. Non obstante, e co obxecto de atender desfases temporais de tesouraría, as axencias estatais poden recorrer á contratación de pólizas de crédito ou préstamo, sempre que o saldo vivo non supere o 5% do seu orzamento.

CAPÍTULO V

Xestión económico-financeira

SECCIÓN 1.^a ORZAMENTOS

Artigo 26. *Anteproxecto de orzamento.*

1. O consello reitor elaborará e aprobará o anteproxecto de orzamento da axencia, conforme o disposto no contrato de xestión e o previsto no artigo 27.1 seguinte.

2. O anteproxecto de orzamento da axencia será remitido ao ministerio de adscrición para o seu exame, que lle dará posterior traslado ao Ministerio de Economía e Facenda. Unha vez analizado por este último departamento ministerial, o anteproxecto incorpórase ao de orzamentos xerais do Estado para a súa aprobación polo Consello de Ministros e remisión ás Cortes Xerais, consolidándose co das restantes entidades que integran o sector público estatal.

Artigo 27. *Estrutura, contido e modificación do orzamento.*

1. O Ministerio de Economía e Facenda establece a estrutura do orzamento das axencias estatais, así como a documentación que se lle debe xuntar.

2. O orzamento de gastos das axencias estatais, nos termos establecidos nesta sección, ten carácter limitativo polo seu importe global e carácter estimativo para a distribución dos créditos en categorías económicas, con excepción dos correspondentes a gastos de persoal que,

en todo caso, teñen carácter limitativo e vinculante pola súa contía total.

3. A autorización das variacións orzamentarias correspóndelle:

a) Ao ministro de Economía e Facenda, as variacións da contía global do orzamento e as que afecten gastos de persoal, por iniciativa do director e por proposta do consello reitor, salvo as previstas na alínea seguinte.

b) Ao director da propia axencia estatal todas as restantes variacións, incluso na contía global cando sexan financiadas con recursos derivados das alíneas b), e), f), e g) do artigo 24.1 por encima dos inicialmente orzados e existan garantías suficientes da súa efectividade, dando conta inmediata á comisión de control.

4. Os remanentes de crédito que resulten da liquidación do exercicio orzamentario non afectados ao financiamento do orzamento do exercicio seguinte, poderanse aplicar ao orzamento de ingresos e destinarse a financiar incremento de gastos por acordo do director, dando conta á comisión de control. Os déficits derivados do incumprimento das estimacións de ingresos anuais compénsanse na forma que se prevexa no contrato de xestión.

Artigo 28. *Execución do orzamento.*

A execución do orzamento das axencias estatais correspóndelles aos seus órganos executivos, que elaboran e remiten á comisión de control, mensualmente, un estado de execución orzamentaria.

Sección 2.^a Contabilidade

Artigo 29. *Contabilidade.*

1. As axencias estatais deberán aplicar os principios contables que lles correspondan de acordo co establecido no artigo 121 da Lei xeral orzamentaria, coa finalidade de asegurar o adecuado reflexo das operacións, os custos e os resultados da súa actividade, así como de facilitar datos e información con transcendencia económica.

2. Correspóndelle á Intervención Xeral da Administración do Estado establecer os criterios que precise a aplicación da normativa contable ás axencias estatais, nos termos establecidos pola lexislación orzamentaria para as entidades do sector público estatal.

3. As axencias estatais disporán:

a) Dun sistema de información económica que:

i) Mostre, a través de estados e informes, a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados e da execución do orzamento.

ii) Proporcione información de custos sobre a súa actividade que sexa suficiente para unha correcta e eficiente adopción de decisións.

b) Dun sistema de contabilidade de xestión que permita efectuar o seguimento do cumprimento dos compromisos asumidos no contrato de xestión.

4. A Intervención Xeral da Administración do Estado establece os requirimentos funcionais e, de ser o caso, os procedementos informáticos que deberán observar as axencias estatais para cumprir o disposto neste artigo, de acordo co disposto no artigo 125 da Lei xeral orzamentaria.

Artigo 30. *Contas anuais.*

1. As contas anuais das axencias estatais fórmalaas o seu director no prazo de tres meses desde o peche do exercicio económico. Unha vez auditadas as ditas contas pola Intervención Xeral da Administración do Estado son

sometidas ao consello reitor, para a súa aprobación antes do 30 de xuño do ano seguinte ao cal se refiran.

2. Unha vez aprobadas polo consello reitor, as contas remitiranse, a través da Intervención Xeral da Administración do Estado, ao Tribunal de Contas para a súa fiscalización. A dita remisión á Intervención Xeral realizarase dentro dos sete meses seguintes á terminación do exercicio económico.

SECCIÓN 3.^a CONTROL

Artigo 31. *Control.*

1. O control externo da xestión económico-financeira das axencias estatais correspóndelle ao Tribunal de Contas de acordo coa súa normativa específica.

2. O control interno da xestión económico-financeira das axencias estatais correspóndelle á Intervención Xeral da Administración do Estado, e realizarase baixo as modalidades de control financeiro permanente e de auditoría pública, nas condicións e nos termos establecidos na Lei xeral orzamentaria. O control financeiro permanente realizarano as intervencións delegadas nas axencias estatais, baixo a dependencia funcional da Intervención Xeral da Administración do Estado.

3. Sen prexuízo do control establecido no número 2 anterior, as axencias estatais estarán sometidas a un control de eficacia que será exercido, a través do seguimento do contrato de xestión, polos ministerios de adscrición. O dito control ten por finalidade comprobar o grao de cumprimento dos obxectivos e a adecuada utilización dos recursos asignados.

Disposición adicional primeira. *Autorización para a creación da Axencia Estatal de Avaliación das Políticas Públicas e a Calidade dos Servizos e informe anual ao Congreso dos Deputados.*

1. Autorízase o Goberno para a creación da Axencia Estatal de Avaliación das Políticas Públicas e a Calidade dos Servizos, adscrita ao Ministerio de Administracións Públicas, cuxo obxecto é a promoción e realización de avaliacións das políticas e programas públicos cuxa xestión lle corresponde á Administración xeral do Estado, favorecendo o uso racional dos recursos públicos e o impulso da xestión da calidade dos servizos.

2. O Consello de Ministros aprobará anualmente os programas e políticas públicas cuxa avaliación incluírá a Axencia Estatal de Avaliación das Políticas Públicas e a Calidade dos Servizos no seu plan de traballo.

3. A Axencia Estatal de Avaliación das Políticas Públicas e a Calidade dos Servizos presentará anualmente un informe ao Congreso dos Deputados, acerca da actividade desenvolvida polas axencias estatais, e os seus compromisos para mellorar a calidade dos servizos prestados aos cidadáns.

4. A Axencia Estatal de Avaliación das Políticas Públicas e a Calidade dos Servizos poderá avaliar políticas e programas públicos xestionados polas comunidades autónomas, logo de convenio con estas e nos termos que o propio convenio estableza.

Disposición adicional segunda. *Autorización para a creación da Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado.*

1. Autorízase o Goberno para a creación da Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado, adscrita ao Ministerio da Presidencia, cuxo obxecto é a edición, publicación, impresión, distribución, comercialización e venda do Boletín Oficial del Estado e outras publicacións oficiais.

2. A Axencia Estatal Boletín Oficial del Estado terá a consideración de medio propio instrumental da Adminis-

tración xeral do Estado e dos seus organismos e entidades de dereito público nas materias que constitúen os seus fins.

3. O seu estatuto establecerá o réxime xurídico e económico das actividades desenvolvidas como medio propio da Administración xeral do Estado, de conformidade co establecido no texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño.

Disposición adicional terceira. *Autorización legal para a creación de axencias estatais.*

1. Tendo en conta a particular transcendencia dos sectores de actividade e dos servizos públicos concernidos, así como a conveniencia de que a súa xestión estea dotada do marco de flexibilidade, responsabilidade pola xestión e control de resultados previsto nesta lei, autorízase o Goberno para a creación das seguintes axencias estatais cos seguintes obxectos e fins e dentro das competencias que corresponde exercer á Administración xeral do Estado:

Consello Superior de Investigacións Científicas, para o fomento, coordinación, desenvolvemento e difusión da investigación científica e tecnolóxica, de carácter pluridisciplinar, co fin de contribuír ao avance do coñecemento e ao desenvolvemento económico, social e cultural, así como á formación de persoal e o asesoramento a entidades públicas e privadas nestas materias.

Axencia Estatal Antidopaxe de España, para a realización das actividades materiais de prevención, de protección da saúde e de loita contra a dopaxe no deporte, así como a execución e impulso dunha política de investigación en materia de control da dopaxe e da protección da saúde do deportista.

Axencia Estatal de Inmigración e Emigración, para o desenvolvemento e a execución das competencias estatais en materia de regulación e integración social dos inmigrantes, así como para a programación e xestión das diversas actuacións de asistencia e apoio aos emigrantes españois no estranxeiro.

Axencia Estatal de Seguranza Aérea, para a execución das funcións de ordenación, supervisión e inspección da seguranza do transporte aéreo e dos sistemas de navegación aérea e de seguranza aeroportuaria nas súas vertentes de inspección e control de produtos aeronáuticos, de actividades aéreas e do persoal aeronáutico. Así como, para as funcións de detección, análise e avaliación dos riscos de seguranza neste modo de transporte.

Axencia Estatal de Seguranza do Transporte Terrestre, para a detección, análise e avaliación dos riscos de seguranza nos transportes terrestres de competencia estatal, así como para o exercicio das funcións de inspección e supervisión da seguranza do sistema ferroviario, tanto en relación ás infraestruturas como á operación ferroviaria, nos ámbitos de competencia estatal.

Axencia Estatal de Artes Escénicas e Musicais, para a promoción, protección e difusión das artes escénicas e da música en calquera das súas manifestacións, o apoio e difusión dos artistas españois e o patrimonio musical, coreográfico e dramático, así como a produción dos espectáculos que favorezan os ditos obxectivos.

Axencia Estatal de Meteoroloxía, para o desenvolvemento, implantación e prestación dos servizos meteorolóxicos de competencia do Estado e o apoio ao exercicio doutras políticas públicas e actividades privadas, contribuíndo á seguranza de bens e persoas e ao benestar e desenvolvemento sustentable da sociedade española.

Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, para o fomento, xestión e execución das políticas públicas de cooperación internacional para o desenvolvemento, dirixidas á loita contra a pobreza e a

consecución dun desenvolvemento humano sustentable nos países en desenvolvemento.

Axencia Estatal de Investigación en Biomedicina e Ciencias da Saúde Carlos III, para o fomento, desenvolvemento e prestación de servizos científico-técnicos e de investigación no ámbito da saúde, mediante a realización de investigación básica e aplicada, avaliación, acreditación e prospectiva científica e técnica, control sanitario, asesoramento científico-técnico e formación e educación sanitaria no ámbito da biomedicina e das ciencias da saúde. Así mesmo, realizará accións encamiñadas ao fomento e coordinación das actividades anteriores no ámbito da Administración xeral do Estado.

Axencia Estatal de Avaliación, Financiamento e Prospectiva da Investigación Científica e Técnica, para o fomento, desenvolvemento, execución, asesoramento e prospectiva das políticas públicas de I+D, mediante a avaliación da investigación con estándares internacionais e a distribución competitiva e eficiente dos fondos públicos destinados a I+D.

2. Mentres non se proceda á creación das axencias estatais previstas no punto anterior, os órganos e organismos públicos que tivesen atribuídos os servizos que se integran nas ditas axencias manterán a súa actual configuración e regulación.

Disposición adicional cuarta. *Asesoramento xurídico e representación e defensa en xuízo.*

A asistencia xurídica, representación e defensa en xuízo das axencias estatais levarase a cabo de conformidade coa Lei 52/1997, do 24 de novembro, de asistencia xurídica do Estado e institucións públicas. Cando a exerzan avogados do Estado, estes dependerán orgánica e funcionalmente da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado.

Disposición adicional quinta. *Transformación de organismos públicos en axencias estatais.*

1. Autorízase o Goberno para que, no prazo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei, proceda a transformar os actuais organismos públicos cuxos obxectivos e actividades se axusten á natureza das axencias estatais nos termos previstos no artigo 2, mediante real decreto do Consello de Ministros por iniciativa do ministro de adscrición do respectivo organismo público e por proposta conxunta dos ministros de Economía e Facenda e de Administracións Públicas.

2. Exceptúanse do indicado no número anterior aqueles organismos previstos nas disposicións adicionais 9.^a e 10.^a da Lei de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, que por lei dispoñan dunha especial autonomía ou independencia funcional respecto da Administración xeral do Estado.

3. O réxime xurídico do persoal das entidades públicas empresariais que se transformen en axencia poderá seguir sendo laboral cando a súa lei de creación lles outorgase este carácter.

4. Os organismos públicos que non se transformen en axencias estatais manterán a súa actual regulación.

5. Aos organismos de investigación científica e técnica que se transformen en axencias estatais seralles de aplicación o disposto na Lei 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica, no que non se opoña a esta lei.

6. Os organismos autónomos a que se refire o artigo 3.1. f) do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas que se transformen en axencias estatais seguirán mantendo o réxime previsto nel.

Disposición adicional sexta. *Creación de novos organismos públicos.*

Con carácter xeral, a partir da entrada en vigor desta lei, os organismos públicos que haxa que crear na Administración xeral do Estado, adoptarán a configuración de axencias estatais, conforme o procedemento do artigo 3 desta lei, sen prexuízo do establecido na disposición derradeira primeira.

Disposición adicional sétima. *Relacións coas Cortes Xerais.*

1. No marco do disposto nos regulamentos do Congreso e do Senado, os ministros dos departamentos de adscrición das axencias estatais e os presidentes destas poderán ser requiridos polas comisións das cámaras, co fin de informar acerca do desenvolvemento do contrato de xestión e demais aspectos da xestión daquelas.

2. As axencias estatais, a través do ministro de adscrición correspondente, remitirán anualmente ás Cortes Xerais ou ás comisións parlamentarias que corresponda, o informe xeral de actividade aprobado polo consello reitor, relativo ás tarefas da axencia e ao grao de cumprimento dos seus obxectivos.

Disposición adicional oitava. *Modificación de órganos colexiados.*

Autorízase o Goberno para que, mediante real decreto, suprima ou modifique a composición, adscrición e competencias dos órganos colexiados do Goberno e da Administración xeral do Estado regulados por lei. Non obstante, se o órgano colexiado ten participación doutras administracións públicas distintas da do Estado ou de organizacións representativas de intereses sociais, a súa modificación deberá respectar a súa presenza nel.

Disposición adicional novena.

No prazo de 12 meses a partir da aprobación da lei, o Goberno remitirá ao Parlamento un informe sobre os actuais organismos públicos e fundacións para a súa eventual transformación en axencias ou a conservación do mesmo réxime.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.*

O artigo 43 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, modifícase como segue:

Un. O punto 1 do artigo 43 queda redactado do seguinte modo:

«1. Os organismos públicos clasifícanse en:

- a) Organismos autónomos.
- b) Entidades públicas empresariais.
- c) Axencias estatais, que se rexerán pola súa normativa específica e, supletoriamente, por esta lei.»

Dous. Engádesse un novo punto 4 ao artigo 43, que quedará redactado do seguinte modo:

«4. As axencias estatais adscribíense ao ministerio que exerza a iniciativa na súa creación. As funcións de dirección estratéxica, avaliación e control de resultados e da actividade das axencias estatais articularanse a través do contrato de xestión previsto na normativa reguladora destas.»

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 18 de xullo de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

13015 *CORRECCIÓN de erros da Orde ITC/1791/2006, do 5 de xuño, pola que se aproba o Regulamento de uso do dominio público radioeléctrico por afeccionados. («BOE 171, do 19-7-2006.»)*

Advertidos erros no texto remitido da Orde ITC/1791/2006, do 5 de xuño, pola que se aproba o Regulamento de uso do dominio público radioeléctrico por afeccionados, publicada no Boletín Oficial del Estado, suplemento número 8 en lingua galega, do 16 de xuño de 2006, a seguir transcribíase co fin de proceder á súa rectificación:

Na páxina 1284, columna da dereita, na disposición transitoria quinta, onde di: «Disposición transitoria quinta. Uso da banda 7100 a 7200 MHz.

A banda de frecuencias 7100 a 7200 MHz non poderá ser utilizada...», debe dicir: «Disposición transitoria quinta. Uso da banda 7100 a 7200 kHz.

A banda de frecuencias 7100 a 7200 kHz non poderá ser utilizada...».

XEFATURA DO ESTADO

13087 *LEI ORGÁNICA 6/2006, do 19 de xullo, de reforma do Estatuto de autonomía de Cataluña. («BOE» 172, do 20-7-2006.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron, os cidadáns de Cataluña ratificaron en referendo e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

PREÁMBULO

Cataluña foi construíndose ao longo do tempo coas achegas de enerxías de moitas xeracións, de moitas tradicións e culturas, que atoparon nela unha terra de acollida.

O pobo de Cataluña mantivo ao longo dos séculos unha vocación constante de autogoberno, encarnada en institucións propias como a Generalitat –que foi creada en 1359 nas Cortes de Cervera– e nun ordenamento xurídico específico recollido, entre outras recompilacións de normas, nas *Constitucions i altres drets de Catalunya*. Despois de 1714, foron varios os intentos de recuperación das institucións de autogoberno. Neste itinerario histórico constitúen fitos destacados, entre outros, a mancomunidade de 1914, a recuperación da Generalitat co estatuto de 1932, o seu restablecemento en 1977 e o estatuto de 1979, nacido coa democracia, a Constitución de 1978 e o Estado das autonomías.

A liberdade colectiva de Cataluña atopa nas institucións da Generalitat o nexa cunha historia de afirmación e respecto dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas da persoa e dos pobos, historia que os homes e as mulleres de Cataluña queren proseguir, co fin de facer posible a construción dunha sociedade democrática e avanzada, de benestar e progreso, solidaria co conxunto de España e incardinada en Europa.

O pobo catalán segue proclamando hoxe como valores superiores da súa vida colectiva a liberdade, a xustiza e a igualdade e manifesta a súa vontade de avanzar por unha vía de progreso que asegure unha calidade de vida digna para todos os que viven e traballan en Cataluña.

Os poderes públicos están ao servizo do interese xeral e dos dereitos da cidadanía, con respecto ao principio de subsidiariedade.

É por todo iso que, seguindo o espírito do preámbulo do estatuto de 1979, este estatuto asume que:

Cataluña é un país rico en territorios e xentes, unha diversidade que a define e a enriquece dende hai séculos e que a fortalece para os tempos vindeiros.

Cataluña é unha comunidade de persoas libres para persoas libres, onde cada un pode vivir e expresar identidades diversas, cun decidido compromiso comunitario baseado no respecto á dignidade de todas e cada unha das persoas.

A achega de todos os cidadáns e cidadás configurou unha sociedade integradora, co esforzo como valor e con capacidade innovadora e emprendedora, valores que seguen impulsando o seu progreso.

O autogoberno de Cataluña fundaméntase na Constitución, así como nos dereitos históricos do pobo catalán que, no marco daquela, dan orixe neste estatuto ao recoñecemento dunha posición singular da Generalitat. Cataluña quere desenvolver a súa personalidade política no marco dun Estado que recoñece e respecta a diversidade de identidades dos pobos de España.

A tradición cívica e asociativa de Cataluña subliñou sempre a importancia da lingua e da cultura catalás, dos dereitos e dos deberes, do saber, da formación, da cohesión social, do desenvolvemento sustentable e da igualdade de dereitos, hoxe, en especial da igualdade entre mulleres e homes.

Cataluña, a través do Estado, participa na construción do proxecto político da Unión Europea, cuxos valores e obxectivos comparte.

Cataluña, dende a súa tradición humanista, afirma o seu compromiso con todos os pobos para construír unha orde mundial pacífica e xusta.

O Parlamento de Cataluña, recollendo o sentimento e a vontade da cidadanía de Cataluña, definiu de forma amplamente maioritaria Cataluña como nación. A Constitución española, no seu artigo segundo, recoñece a realidade nacional de Cataluña como nacionalidade.

En exercicio do dereito inalienable de Cataluña ao autogoberno, os parlamentarios cataláns propoñen, a Comisión Constitucional do Congreso dos Deputados acorda, as Cortes Xerais aproban e o pobo de Cataluña ratifica este estatuto.